

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO DO PLENO DO DÍA 1 DE
DECEMBRO DE 2014. NÚM. 13/2014.-**

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS (P.P.)

CONCELLEIROS:

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ (P.P).
D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO (P.P.).
D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ (P.P.).
D^a. M^a. PILAR LÓPEZ CARRÓN (P.P.).
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ (P.P.).
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA (P.P.).
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (P.P.).
D^a. MARÍA EVA GONZÁLEZ BREA (P.P.).
D^a. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY (P.P.).
D^a. SARA FERNÁNDEZ ARCA (P.P.).
D^a. MARÍA ALVAREZ PAZ (P.P.) .
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ (P.P.).
D. MANUEL MARÍA GONZÁLEZ ALLER (PSdeG-PSOE).
D. JOSÉ ARMANDO CRISTÓBAL FERNÁNDEZ VÁZQUEZ (PSdeG-PSOE).
D^a. JOSEFA MARINA FERREIRO RODRÍGUEZ (PSdeG-PSOE).
D. FRANCISO PÉREZ DONSIÓN (PSdeG-PSOE).
D. XESÚS CORDEIRO BUDIÑO (BNG).
D. JOSÉ LUÍS SUCASAS FERNÁNDEZ (BNG).
D. CAMILO CONDE LÓPEZ (PGD).

SECRETARIO XERAL: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTORA XERAL: D^a. MARTA OVIEDO CREO.

Non asiste:

D. CAMILO GONZÁLEZ BODANO (P.P.).

INDICE:

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.....	páx. 3
2.- Decretos da Alcaldía: Dación de conta.....	páx. 3
3.- Informe de morosidade do 3º trimestre de 2014: Dación de conta.....	páx. 7
4.- Expediente do teito de gasto do ano 2015.....	páx. 7
5.- Expedientes dos orzamentos xerais para o ano 2015.....	páx. 8
6.- Expediente do catalogo do convenio turístico da zona de influencia de Santiago de Compostela.....	páx. 14
7.- Expediente de adhesión e aprobación dos estatutos da Asociación Nacional de municipios afectados por autopistas e túneles de peaxe.....	páx. 16
8.- Proposta da Alcaldía relativa ó Día das Letras Galegas.....	páx. 18
9.- Proposta da Alcaldía sobre o lugar de celebración dos matrimonios civís.....	páx. 21
10.- Proposta da Alcaldía para solicitar unha unidade de Estranxería e Documentación.....	páx. 23
11.- Moción conxunta do PSdeG-PSOE, BNG e PGD sobre a Fraga de Casas Vellas.....	páx. 25
12.- Moción do PSdeG-PSOE sobre o sector agrogandeiro.....	páx. 27
13.- Moción do PGD sobre o rural.....	páx. 29
14.- Rogos e preguntas.....	páx. 29

=====

Sendo as dez horas do **luns día 1 de decembro de 2014**, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do *Sr. Alcalde-Presidente, D. Xosé Crespo Iglesias*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión ordinaria convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse tódalas determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral *D. César López Arribas* e como Interventora Xeral *D^a. Marta Oviedo Creo*.

Non asiste *D. Camilo González Bodaño (P.P)*.

De orde do Sr. Presidente, e seguindo as súas instrucións, entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Deuse conta pola Presidencia do borrador da acta nº 12/2014 da sesión ordinaria do día 27 de outubro de 2014. De seguido, o Sr. Presidente preguntoulles aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren á mesma.

Non habéndoas, por **UNANIMIDADE** dos asistentes acordouse aprobar a dita acta nº 12/2014 correspondente á sesión ordinaria do día 27 de outubro de 2014, ordenándose a súa transcripción ó Libro de Actas.

2.- DECRETOS DA ALCALDÍA: DACIÓN DE CONTA.-

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía desde a última relación comunicada a este órgano.

O Concello Pleno quedou enterado.

3.- INFORME DE MOROSIDADE DO 3º TRIMESTRE DE 2014: DACIÓN DE CONTA.-

A Presidencia deu contados informes de morosidade do Concello de Lalín e do Padroado Cultural de Lalín correspondentes ao terceiro trimestre de 2014. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 27 de novembro de 2014, na que esta quedou enterada.

Polo grupo de goberno, ***D. Manuel Gómez Estévez***, concelleiro delegado de Facenda, explicou o seu contido. Sinalou que este era o terceiro informe que viña a sesión e tratábase de continuar co que dicía a normativa vixente: dar conta e facer os trámites previstos.

Xa que logo, o **Pleno da Corporación:**

Primeiro.- Tomou coñecemento dos informes de morosidade do Concello de Lalín e do Padroado Cultural de Lalín correspondentes ao terceiro trimestre de 2014 emitidos pola Tesourería Municipal.

Segundo.- En cumprimento da normativa vixente acordou seguir as actuacións e dar publicidade na web municipal do informe agregado da relación de facturas, continuando cos trámites previstos no informe de Tesourería.

Terceiro.- O período medio de pago a provedores do Concello de Lalín correspondente ao terceiro trimestre de 2014 e calculado segundo a metodoloxía establecida no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, é de menos 18.

Cuarto.- O período medio de pago a provedores do Padroado Cultural de Lalín correspondente ao terceiro trimestre de 2014 e calculado segundo a metodoloxía establecida no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, é de menos 23.

4.- EXPEDIENTE DO TEITO DE GASTO DO ANO 2015.-

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta da Alcaldía de data 24 de novembro de 2014. A continuación o Sr. *Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 27 de novembro de 2014.

O debate deste expediente realizouse de xeito conxunto co apartado 5. Expediente dos orzamentos xerais para o ano 2015 da orde do día.

O concelleiro Delegado de Facenda, **D. Manuel Gómez Estévez**, indicou que a raíz da lei orgánica de 2013 que obriga a efectuar o peche dos exercicios económicos co cálculo do límite de gasto, nos daba un límite de once millóns e pico, estabilizado, cos datos que figuran nos capítulos do 1 ao 7 de 11.717,267,262 €.

Sometida a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: trece (13) do PP.

Votos en contra: sete (7), sendo catro (4) do PSDEG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, aprobouse o expediente do seguinte tenor:

Segundo establece o artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, o Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais aprobarán, nos seus respectivos ámbitos, un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus orzamentos.

O límite de gasto non financeiro excluírá as transferencia vinculadas ós sistemas de financiación das Comunidades Autónomas e Corporacións locais.

Co teito de gasto fíxase a cantidade máxima que poderá gastar o Concello nun exercicio orzamentario concreto. As razóns que levaron a tomar esta decisión son froito da crise económica. Así, en tempos de burbulla inmobiliaria, todas as administracións públicas viron incrementados os seus ingresos de modo exponencial; no caso dos concellos foi a través do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras e a través de licencias de apertura, habitabilidade etc...

Estes ingresos de carácter extraordinario puntual destináronse na maior parte das administracións a aumentar os gastos estruturais ou fixos, isto é, os que son necesarios para o funcionamento ordinario da Administración de que se trataba (fundamentalmente engrosando o plantel de traballadores).

Cando estallou a crise eses ingresos descendieron; sen embargo os gastos se mantiñan, o que puxo de manifesto a insostibilidade do sistema. Neste contexto é onde entra en xogo a política económica de impoñer un teito de gasto para que os concellos non amplíen os gastos estruturais por encima dun límite marcado.

A primeira opción é calcular o Límite a partir da regra de gasto, dando unha contía de 11.717.276,72 €.

A segunda opción é calcular o Límite a partir dos cálculos da Estabilidade, dando unha contía de 12.495.113,72 €

En función desas dúas cifras o **Pleno da Corporación ACORDOU:**

Aprobar como Límite de Gasto non Financeiro para o exercicio 2015 o importe de 11.717.276,72 €.

5º.- EXPEDIENTE DOS ORZAMENTOS XERAIS PARA O ANO 2015.-

A Presidencia deu conta deste expediente e da Memoria- Proposta da Alcaldía de data 24 de novembro de 2014. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 27 de novembro de 2014.

Na exposición do expediente, o edil delegado de facenda, **D. Manuel Gómez Estévez**, explicou o contido do mesmo.

En canto ao orzamento do ano que ven explicou que en liñas xerais presentaba un lixeiro incremento sobre o do ano 2014, importe superado debido ao préstamo concertado para o rescate da concesión do Lalín Arena.

En liñas xerais, aínda, contando cos recortes e coas limitacións, había cobertura suficiente para seguir prestando os servizos establecidos.

Agora contábase cunha nova estrutura orzamentaria aprobada, que era máis complexa que a preeistente, con algunhas funcións que se xuntaban e con outras que ían por separado. Agora se xuntaban por exemplo urbanismo, inspección e coordinación. Pola contra as actuacións en vías públicas se bifurcaban entre vías públicas e accesos a núcleos de poboación, como pavimentación e outras, saneamento e distribución de auga.

Había tamén un desglose no servizo do lixo, que se dividía entre recollida de lixo e as xestións posteriores. Aquí contemplábase unha baixada do canon a abonar a SOGAMA do 10 % que era aquel que se subiu o ano pasado. Igual sucedía no eido de medio ambiente.

A asistencia social primaria cambiaba a súa denominación actual de servizos sociais, e había un incremento sobre a dotación do ano pasado do 5,81 %, entre educación especial, UNED e a de conservación dos centros, cun 11,68% de incremento.

Desaparecía a partida de museos e no seu lugar aparece outra de equipamentos culturais e museísticos, e incentivos da promoción cultural.

Os servizos de Intervención e Tesourería tamén estaban diferenciados.

En canto aos ingresos, había algunhas diferencias. En augas e saneamento aplicábase o IPC ás tarifas e aos contratos existentes. O IBI mantíñase e baixaba na mesma porcentaxe que o fixo estes anos de atrás: unha décima. O imposto de vehículos de tracción mecánica reducíase. Desaparecía tamén o prezo público das instalacións deportivas e agora pasaría a ser

considerado como taxa.

Volveu falar dos gastos. Afirmou que aparecían xa diferenciados o GES e a Emisora civil.

En canto á débeda e a outros gastos, sinalou que había unha redución do 14,05% por cento.

En vivenda e urbanismo había cambios na estrutura.

En servizos sociais había un lixeiro incremento. Faltaban os postos en feiras e barracas, que se modificaba para incorporar novos supostos, en concreto os das festas patronais.

A débeda do Concello a catorce de decembro deste ano chegaba a 4.639.000 e esperaban baixar a dita débeda agora.

En canto aos investimentos non se recollían os plans de obras porque non se sabían nin os plans, nin as obras, e menos as contías. De todos os xeitos había previstos 1.343.000 cun máximo de 2.000.000 €.

Desde o grupo socialista **D. Manuel María González Aller** defendeu a postura do seu grupo.

Explicou que en canto ao tope do gasto do punto da orde do día, votarían non. Xa o dixeron noutras ocasións anteriormente e o volvían dicir agora. Era inaceptable este concepto porque antepuña o pagamento da débeda ao dos servizos aos cidadáns. Era ademais un instrumento de castigo, e non era igual para todos os concellos.

Coidaba que foi un erro do goberno do Sr. *Rodríguez Zapatero* a aprobación do cambio constitucional para antepoñer o pagamento da débeda aos servizos sociais e os servizos básicos da comunidade. En suma, estaban en contra deste concepto e votaría en contra como anteriormente o manifestaron.

Sobre os orzamento sinalou que pouco ou case nada novo dicían. *“Eran igual de malos que os do ano pasado”*, afirmou. Había algúns cambios nas partidas, pero na intervención do edil delegado non se fixeron comparacións coas partidas do ano anterior.

Reiterou que eles xa dixeron hai anos que esta situación actual e os recortes nos orzamentos tiñan a súa orixe no gasto enorme que se fixo nestes anos de atrás cando se construíron neste concello unha serie de infraestruturas sobredimensionadas e insoportables para Lalín e para as arcas municipais. De aí ven o gasto municipal de agora, cos seus límites e recortes.

En xeral aumentaba algo o gasto en persoal. Se se xuntaban os gastos correntes e o persoal superaban máis do 80 % do orzamento total. A lei obrigaba a manter uns servizos

En canto á débeda, deu as cifras. Así no 2009 era do 7,33 millóns de euros, no 2010 foi o 6,38, e no 2014 foi do 9,36 millóns de €.

Nas partidas de ingresos non había novidades. Por exemplo, a recadación de bicicletas pasou de 500 € a 105 €. *“Un negocio rendible”*, criticou.

O canon eólico pasou dos ingresos de 60.000 no 2013 a uns 40.000 euros este ano. Cada vez ía a menos.

Sinalou que os ingresos dos BICES debéronse á súa moción presentada en Pleno. A raíz daquel Pleno se fixeron as xestións.

En canto aos gastos, non había aumento no apartado dos servizos sociais. En mantemento de pistas deportivas había uns novecentos setenta mil euros.

En xeral faltaba unha explicación clara dos ingresos e dos gastos. É dicir, cumpría explicar aos veciños o destino dos seus impostos, non só o que di a lei, senón aquilo que permita que os cidadáns saiban o que pagan cos seus impostos e vexan onde van parar os seus cartos, a que servizos se destinaban; había que dar unha explicación clara e detallada. Adiantou que o PSOE estaban pensando mesmo en colgar un cartel nun lugar público para explicar isto aos cidadáns, onde ver o destino do diñeiro que pagan.

En xeral o oitenta por cento dos gastos eran para gastos correntes e gastos de persoal. En contraste non aparecía nada para a campaña de recollida de alimentos.

En detalle o gasto en dependentes de Lalín eran 8.000 euros o que se gastaba o Concello ao ano, restando o que non se utilizaba.

Vendo as partidas, non había programas culturais estables. Só estaba o tema do Laxeiro. Todo

o demais obedecía á improvisación da Xunta e Goberno.

Na nova biblioteca había moitos cartos previstos, e pola contra non se adquirían libros.

En canto aos ingresos os IBI había 90.000 euros recadados máis co ano 2014. Lembrou que o PSOE presentou unha moción alternativa a este tema no ano 2005 e nos anos posteriores, que non se aprobou.

O voceiro, *D. Manuel Gómez Estévez*, dixo que eran continuista. Si, pero había que incidir tamén en que houbo derroche en obras excesivas e en planes estratéxicos fora de lugar. *“Dixemos daquela que había que pensar tamén nun período de vacas flacas, e que non todo ía ser tempo de vacas gordas”*, afirmou. Se fixeron edificacións excesivas como a Casa do Concello ou o Lalín Arena no ano 2006.

“Dixemos que isto era un luxo, pero Crespo dicía que era imprescindible e necesario contar con esta instalación. Agora atopámonos con que hai que mantela, e isto sube moito a factura. Non foi boa a xestión. Non saíu ben e houbo que recuperar a concesión. Á empresa saíulle un negocio redondo esta obra. Pagou oito millóns de euros e sacou uns nove millóns, gañando un millón de euros.

Hai que dicir tamén que a construción do edificio foi desastrosa. Foi mal construída, con materiais de mala calidade. O resultado era que había humidade e entrada de auga por todas partes. En suma custou e custaba moitos cartos ao Concello”, salientou.

En canto aos ingresos do Lalín Arena dicíase que ían ser de 494.000 no ano 2014. Daquela non estaba a piscina, que recadou case 200.000 euros.

“Nós, como alternativa a este edificio do Lalín Arena, propuxemos facer un arranxo integral dos pavillóns que había daquela e mantelos. Esta era a mellor opción. Pero non se fixo caso, sinalou.

Lembrou que nas enquisas recentes feitas aos cidadáns de Lalín, estes din que non aproban estas novas infraestruturas e que consideran que xa está esgotada a xestión do Sr. Alcalde.

O documento en debate non tiña máis discusións das que xa houbo. Os gastos recollidos no orzamento eran herdados destes anos. Isto era o que son os presupostos: unha herdanza dos anos da súa xestión, referíndose ao Sr. Alcalde. Os ingresos do Lalín Arena no ano 2014 foron de trescentos oitenta e un mil euros a día de hoxe e pode que consiga chegar ata os catrocentos mil euros.

Finalizou afirmando que este discurso seu era o mesmo que o doutros anos, lamentando que non houbera temas novos ao respecto que trataben e debateren.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** corroborou todo o dito polo voceiro socialista, xa que o que era medible non era opinable. A débeda estaba no 6.900.000 € debido a *Montoro*. Por mor da lei de racionalización e estabilidade tiñan que recoller unha nova metodoloxía e outros gastos non contemplados antes.

Coidaba que había desde hai anos unha baixada substancial nos orzamentos deste Concello; chocaba que non houbera despunte de gastos nestes orzamentos, sendo o ano que ven un ano electoral.

O certo era que a situación económica e social era mala e que os grandes beneficiarios desta situación eran os bancos.

Lembrou que o custo do Lalín Arena era e sería un grande lastre para o Concello, xa que o Concello pagou rapidamente a contía do rescate, pedindo para elo un préstamo. Dicíase que o Concello non ten apenas débedas, pero a verdade foi que o Ministro, o Sr. *Montoro*, deu un tirón de orellas polo déficit a este Concello.

En canto ao tema do gasto reiterou que era coñecido o que opinaba o seu grupo deste tema. Votarían en contra.

En suma os orzamentos cada vez ían a menos e había cada vez menos cartos para gastar, por exemplo nun Plan de Emprego; noutras iniciativas, como foi o Plan EMTRA se ignoraban os seus resultados.

En canto ao que se dixo no sentido de que eran realistas, non estaba de acordo. Eran rácanos na área económica. Só recollía como investimentos a acometer o edificio da nova biblioteca, a

praza de abastos, as pistas e o que financiaba o AGADER.

Desde logo no documento non se observaban indicios de recuperación da economía, e desde logo quixo resaltar que este documento non recollía o que se necesitaba en Lalín.

Non se vía tampouco un aumento do ICIO, que podería indicar unha recuperación, porque non ía haber as obras.

Ían votar non, igual que no límite de gasto.

Rematou afirmando que mentía o grupo de goberno cando defendía estes orzamentos, xa que non ían servir para abordar a situación de crise económica e tampouco ían favorecer a recuperación, senón que ían beneficiar aos bancos pola vía da amortización dos créditos.

De parte do PGD, **D. Camilo Conde López** recoñeceu que se estaba nunha difícil situación na que había que introducir cambios substanciais e estruturais para saír dela . Pero ante todo había que facer unha reflexión profunda.

Os orzamentos eran insolidarios e discriminatorios, sobre todo insolidarios porque non ían favorecer a prestación de servizos básicos aos cidadáns. No momento actual, as empresas e os negocios estaban en crise, e non se vían indicios de cambiar a tendencia.

Estes orzamentos desde logo non ían axudar a cambiar a tendencia. Non recollían axudas nin fomento aos comercios para conseguir isto. Para elo, deberan ser máis obxectivos e paliar a falta ou a insuficiencia de factores e de incentivos para recuperar a actividade económica e promover novos negocios e o emprego. Non eran, pois, un apoio real para isto.

Tampouco eran sistemáticos, porque non a recollían nin obedecían a unha tendencia clara nunha liña ou noutra; simplemente seguían a inercia doutros anos de atrás. En resume, non cambiaban nada e non abordaban os problemas reais, nin se ocupaban por exemplo do estado da zona rural, que seguía sen infraestruturas básicas. Tampouco no eido cultural se vían iniciativas novas.

En suma, ía votar non porque estaba fundamentalmente en desacordo con estes orzamentos.

Desde o grupo de goberno **D. Román Rodríguez González**, empezou afirmando que este documento recollía os cambios introducidos no modelo organizativo novo, con partidas novas e con outros cambios. Así o dispuña a lei de racionalización. Isto dificultaba, pero non alarmaba; simplemente se ampliaban as explicacións de cada partida.

Cumprir os trámites que marcaba o Ministerio de Economía non era tan fácil como se pensaba e daba moito traballo; pero Lalín estaba saneado e figuraba entre os máis solventes dos concellos do seu nivel. Reduciuse a débeda, e nos tributos estíbese na media do sector. Con todo, mantíñanse os servizos básicos.

Sendo este debate un dos máis importantes do ano, sabíase xa o resultado con anticipación. A oposición facía o seu papel, neste caso era cunha crítica destrutiva.

O debate podía ser outro. Por exemplo, se houbese máis ingresos e impostos, habería máis gastos e poderíase falar doutras cousas. Aquí si que se verían os bos xestores, porque se podería ver o que se facía cos mesmos ingresos.

Era certo que entre os anos 2011 e 2015 os orzamentos foron decrecentes, pero elo sucedeu en xeral e non só en Lalín. Non obstante os do ano 2015 serían mellores que os do ano 2014. Os impostos eran os mesmos, pero había investimentos en cultura, educación, na biblioteca, nas infraestruturas básicas co Plan AGADER e coas pistas. Había prevista unha reforma integral coa instalación depuradora do Empalme.

Doutra banda, cumpría destacar que o voceiro socialista, *Sr. González Aller*, non fixo un esforzo para estudar os orzamentos. Isto había que facelo en detalle e mirando á historia para poder ter unha opinión clara.

De seguido foi dando cifras e porcentaxes dos gastos nos grandes servizos. Así nos servizos sociais e no emprego habería máis dun millón de euros. Educación e cultura levábanse 1,6 millóns de euros. O deporte contaba con 936.000 €.

Parecía que o PSOE padecía o chamado “síndrome da Coleta”.

Lembrou que o goberno do *Sr. Rodríguez Zapatero* non pagou a débeda. Foi un erro

endebedarse tantos anos sen límite como fixo o dito goberno central ata o ano 2009. Algo parecido a isto pasou a Xunta de Galicia.

Este ano había previsto gastar máis dun millón de euros en pistas. Lembrou que había gastos que non se vían. Por exemplo, gastáronse máis de cincocentos mil euros na compra dunha pala e dun tractor.

Non entendía que se cuestionasen as campañas solidarias, porque en todo os Concellos tanto nos do PP como nos do PSOE, se celebraban, e había partidas para elo.

Diciáse que non se gastaba en axuda a dependencia, pero o certo era que o Concello pagaba o 20 % do custo de cada hora traballada. Neste eido lembrou tamén que estes días gastáronse sete mil euros e libros para a nova biblioteca.

En canto aos BICES, sostivo que o dito polo voceiro pertencía máis a unha antoloxía de anécdotas que á realidade, por atribuírse a imposición e a posterior recadación deses tributos. Sobre a Ronda Leste precisou que foi unha obra mal executada, obra feita cando gobernaba o PSOE na Xunta de Galicia.

Non compartía o tema de que o Lalín Arena fose un desastre, xa que todos os días usaban estas instalacións máis de trescentas persoas. O uso desta instalación e da piscina era asequible a todos, mesmo os parados tiñan unha tarifa especial.

Proba de que o Concello estaba ben xestionado era que había unha oferta imporante de servizos era que nas últimas enquisas, tanto nunha tanto como na outra, o partido do goberno municipal saía ben parado; pola contra o PSOE si que obtiña mal resultado.

No ICIO mentíase pola oposición. O ano 2015 sería mellor que o ano 2014; agora había máis licenzas de construción en obras. Os veciños non tiñan diñeiro, pero se fan rehabilitacións de edificios.

En referencia ao PGD o Concello, salientou que o Concello axudaba na medida das súas posibilidades aos negocios, destacando que cando se tomou algunha medida sempre houbo reunións coas empresas e comerciantes.

Había catro bandas de música no Concello. *¿Cantos concellos había en Galicia con catro bandas de música?* Coidaba que Vigo e algún outro Concello. Hoxe moitos xóvenes estudan música no Conservatorio de Lalín. En moitos concellos non había bandas de música. Estaba aberto a facer unha comparación de datos sobre esta cuestión.

Durante os anos 2011 e 2014 dixeron que subimos os impostos, o cal non era certo.

Deu datos. Nos anos 2011 e 2014 seguíase coa mesma liña nas taxas de auga e saneamento e lixo que estaban conxelados e se aplicaba o contrato.

No capítulo I había estabilidade, dando as cifras do seu peso nos orzamentos.

Ns instalacións deportivas había un cambio na xestión, e puxéronse prezos asequibles. Deu cifras do custo e ingresos nestes anos.

En relación co que se dixo de que eran insolidarios os orzamentos; había que dicir que se recollían no mesmo as transferencias de máis dun millón de euros a outras entidades. Non era certo, pois.

En investimentos tamén deu cifras do gastos nas obras e en porcentaxes desde o ano 2011 ao ano 2015.

O Concello dixo non á xestión que había no Lalín Arena e no ano 2013 rescatou esta instalación.

Sobre a débeda recollida nos orzamentos, afirmou que Lalín non estaba moi endebedado. Pasou do 6,1% no ano 2014 ao 2,4 % no 2015. Era un dos mellores concellos neste eido, referíndose a outros concellos como Allariz ou Culleredo.

Nos orzamentos e nas liquidacións dos orzamentos dos anos 2011 e 2014 había 23 millóns de euros menos. Pero había remanentes de tesourería nas liquidacións de cada ano.

Lembrou que estes orzamentos de Lalín eran os últimos deste mandato do grupo de goberno. Deixaban ao remate do mesmo un Concello ben administrado e saneado e sobre todo solvente.

A morosidade cos provedores era mínima.

Neste contexto de dificultades e de recortes, o Concello mantén todos os servizos sociais e

básicos que calquera comunidade debe manter. “*Gustaríanos ter máis diñeiro e poder dedicalo a outros fins*”, afirmou. En suma eran menos reducidos estes orzamentos que os dos anos anteriores, e empezaba un cambio de tendencia que se ía notar no futuro.

Desde o grupo socialista **D. Manuel González Aller** afirmou que nestes anos aumentaron os ingresos, os impostos e os gastos fixos.

Afirmou que o PP dicía, cando se estaba na campaña electoral das últimas eleccións xerais, que ó día seguinte do seu triunfo electoral todo sería diferente, e resultou que a situación económica foi a peor, e fixo todo o contrario do que afirmou na dita campaña. Aumentou daquela o gasto público a pesar de que se dixo que había problemas herdados. Agora xa non se podía botar a culpa aos outros: a situación actual debíase á súa xestión de goberno.

Ao seu grupo parecíalle mal que se pague a débeda e se recorten os servizos, e antes había que atender ás necesidades sociais.

Todo o que se dixo sobre o IBI non era certo. Subiu desde o ano 2004 ata hoxe e bastante. Non se pagaba o 0,4 % de tipo de gravame, senón o 0,5 %. Había que dicir que a meirande parte do IBI que se recadaba un 80 % estaba na zona urbana. O solo rural, pola contra, estaba bonificado e pagaba menos. Nalgúns casos isto non era xusto. Non estaba xustificado que algúns bens rurais e fincas pagasen menos que unha propiedade urbana, por exemplo que un piso normal no centro de Lalín.

Estaba tamén e había que dicilo que o asunto do parking estaba nos xulgados, e podía estallar nas narices ao grupo de goberno en calquera momento.

Afirmou que, segundo o Consello de Contas, Lalín era un dos concellos con tributos máis altos, ao contrario do que se dicía. Fíxose unha rebaixa no tema dos vehículos, pero non había gastos importantes, salvo nalgúns temas, como sucedía por exemplo coa biblioteca.

O documento era un despropósito, xa que en temas importantes como era o emprego non se recollía nin se prevía nada. Non se sabía o resultado do programa *EMPREGATE*. O téxtil estaba mal, mesmo había cartos públicos mal empregados para salvar o téxtil.

Había previsto algo para o deporte, en concreto para un campo novo, para fútbol e para rugby de 30.000 euros.

En materia de aforro enerxético, preguntou: *¿canto se aforrou e canto se gastou nesta iniciativa?* Coidaba que a pesar de efectuar gastos nestes investimentos, os gastos de iluminación pública foron similares todos estes anos. O único sistema que funcionou realmente era que se apagasen as farolas algúns días.

Había gastos en festas, e nas festas patronais cobraban persoas alleas ao Concello, algo que non podía ser. Isto xa o viñan dicindo dende hai varios anos.

En canto aos gastos de persoal, subían cada ano. Había unha denuncia da CIG sobre unha cualificación dun posto que figuraba nos orzamentos.

Estaba tamén o tema do parking cun incerto futuro, pero que podía desembocar nunha condena.

Desde o PGD **D. Camilo Conde López** dixo que Lalín parecía un dos concellos máis ricos en canto a ingresos. Como en todo había que mellorar a recadación aos contribuíntes, e sobre todo axudar ás empresas e aos negocios. Por isto era contraproducente ter altos os impostos, porque as empresas non ían saír así da crise. Poñendo un exemplo, afirmou que cando o IBI se subía, o comerciante subía o prezo dos seus produtos e repercutía nos clientes, ocasionando unha suba de prezos; xa que logo comprarían menos e os seus produtos serían menos competitivos.

O fundamental para saír da crise era crear un clima de confianza no pobo e no sector industrial e económico. Para elo antes de redactar os orzamentos había que facer unha reflexión e logo plasmar os cambios e as medidas no dito documento.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias** lembrou que no eido do emprego o Concello levou adiante dous obradoiros nos que traballaron máis de 200 persoas, algunhas

das cales foron contratadas ao finalizar dita iniciativa.

Había que ter en conta que o Concello non podía abordar moitas destas cuestións que se lle pedían. Por exemplo no eido do emprego a lei de racionalización distinguía entre competencias propias e impropias, e atribuía estas últimas á Xunta de Galicia. Deste xeito nin o Concellos, nin outros podían meterse neste campo. Como dicía *Castelao*: “*unha vaca mal ben mirada e mal mantida*”.

A educación e o emprego eran competencias impropias, que correspondía xestionar ás CC.AA. El, cando foi presidente da FEGAMP, fixo un pacto co daquela Presidente da Xunta de Galicia daquela, *Sr. Pérez Touriño*, para traspasar algunha competencia dos concellos á Xunta de Galicia. A raíz disto, algo cambiou o panorama para os Concellos, porque a Xunta de Galicia asumiu algúns gastos e funcións que se ataribuían aos concellos.

“Unha competencia, unha administración”, este era o máximo principio que debía rexer.

O emprego, servizos sociais, agora asistencia social, educación, estaban en mans da Xunta de Galicia. A oposición polo tanto facía demagogia nestes temas, porque coñecía o que pasaba e, aínda así criticaban ao goberno municipal.

Felicitou polo seu traballos aos servizos municipais pola elaboración deste documento, e polo traballo de chinos que diariamente facían para cumprir coas normas do ministro *Sr. Cristóbal Montoro*.

A pesar de todo o traballo, dos recortes e de manter o gatos nos servizos sociais, o límite de gasto subiu este ano en relación co anterior.

Os BICES non foi un tema do PSOE como se dixo, senón do grupo de goberno. Estaba aí a súa xestión e a de todo o grupo de goberno para ver.

En investimentos facía un balance positivo en xeral. Lalín era un dos poucos concellos que estaban ao día e que pagaban ben aos provedores. Reiterou as obras que ían nos orzamentos, como a nova biblioteca, o viveiro de empresas; en canto ao resto das obras a incluír en plans provinciais non se sabía nada. Estaban á espera de coñecer estes datos.

Estaban a traballar por un campo de fútbol e outro de rugby. *¿Había outro concello similar a Lalín que tivera unha instalación como O Lalín Arena?* Preguntou.

Non era un documento insolidario; ao contrario. Axudaban ás empresas, porque pagaban as facturas dos provedores e dos servizos.

Só había dous edís con dedicación exclusiva: el mesmo e *Antonio Rodríguez*. Era un concello único con dous edís dentro da súa categoría.

Había sen dúbida unha boa xestión, e isto podía verse.

Doutra banda salientou tamén que Lalín contaba con catro bandas de música e todas estaban ben atendidas polo Concello.

Sobre as enquisas, aínda non se sabe o que pasará, eles como goberno municipal saían ben parados. Os que saían mal eran os do partido socialista. O goberno municipal mantería os catorce edís.

Rematou afirmando que Lalín era un dos poucos concellos de Galicia que aprobaba en tempo e forma os seus orzamentos.

Sometida a votación ordinaria o expediente e a proposta da Alcaldía, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: trece (13) do PP.

Votos en contra: sete (7), sendo catro (4) do PSDEG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, **aprobose** o expediente, e acordouse segundo a Proposta da Alcaldía de data 24 de novembro de 2014, do seguinte tenor:

1- Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Lalín, para o exercicio 2015,

compreensivo do orzamento da propia entidade nivelado en gastos e ingresos nun montante total 13.380.428,19 € e do orzamento do Organismo Autónomo" Padroado Cultural de Lalín nivelado así mesmo en 455.000 €.

2- Aprobar o cadro do persoal funcionario, a relación de postos de traballo e o cadro do persoal laboral do Concello de Lalín.

3.- Expoñer ao público o expediente con todos os seus documentos polo prazo de quince días, inseríndose anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello para que os interesados poidan examinalo e presentaren, no seu caso, as alegacións e reclamacións que procedan contra o mesmo.

Transcorrido o dito prazo sen haberen reclamacións, o expediente quedará definitivamente aprobado sen necesidade de adoptar novo acordo.

Sendo as 13:00 horas abandona a sesión o concelleiro do BNG José Luís Sucasas Fernández, quedando o BNG con un (1) concelleiro e en dezanove (19) o total de asistentes.

6.- EXPEDIENTE DO CATÁLOGO DO CONVENIO TURÍSTICO DA ZONA DE INFLUENCIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta do Concelleiro Delegado de Turismo e Novas Tecnoloxías de data 20 de novembro de 2014. A continuación o Sr. *Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Relacións Institucionais, Seguridade e Saúde Pública do día 27 de novembro de 2014.

Polo grupo de goberno, o edil delegado de turismo, **D. José Antonio Rodríguez Fernández**, explicou o contido do mesmo. Sinalou que xa se tiña aprobado neste mesmo órgano o convenio de cooperación neste eido. Despois disto, houbo varias reunións e agora tratábase de aprobar un conxunto de regras e de principios iguais para todos os concellos que guiasen as súas actuacións no marco do dito convenio. Con elo, o que se perseguía foi o que se dixo desde un principio: que dentro da marca de Santiago quedase integrado Lalín e que se potenciase o turismo tamén aquí, aproveitando o tirón que tiña Santiago.

Polo grupo socialista **D. Manuel María González Aller** sinalou que xa se abstiveron daquela, cando se aprobou o convenio regulador e agora seguirían igual, dando un voto de confianza ao dito edil delegado de turismo, pero sen apoialo. Absteríanse.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** non estaba dacordo coa proposta. Coidaba que Lalín tiña pouco que ver con Santiago no eido turístico, tendo características e marca propia. De todos os xeitos trescentos euros ao ano eran pouca cantidade e tampouco ían limitar esta iniciativa. Absteríanse.

Polo PGD, **D. Camilo Conde López** votaría afirmativamente a proposta. Coidaba que era beneficiosa para Lalín e por elo aprobaría o Catálogo cos criterios que viñan recollidos na mesma.

Rematou o debate **D. José Antonio Rodríguez Rodríguez**, reiterando o xa dito anteriormente, de que era beneficioso para Lalín. De momento incluírse Lalín na plataforma de dinamización para os cidadáns e no emprego. Tamén formaría parte da oferta turística a curto prazo da área de Santiago. Elo suporía dar unha maior publicidade para as empresas e para a hostalería de Lalín. Logo todo dependería do propio sector e dos profesionais. *"Máis non podemos facer desde aquí"*, afirmou.

Por alusións **D. Xesús Cordeiro Budiño** afirmou que había pouca coordinación entre os concellos neste eido. Non vía sentido a esta iniciativa, salientando que Lalín contaba con marca propia, cultura e presenza singular no eido do turismo e da hostalería.

Rematou **D. Camilo Conde López** reiterando que non se opoñería, e que o vía beneficioso.

Sometido a votación ordinaria o expediente e a proposta do concelleiro delegado, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: trece (13) do PP.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: seis (6), sendo catro (4) do PSDEG-PSOE, unha (1) do BNG e unha (1) do PGD.

Xa que logo, **aprobase** o expediente, segundo a proposta do Concelleiro Delegado de Turismo e Novas Tecnoloxías de data 20 de novembro de 2014, do seguinte tenor:

O Pleno da Corporación municipal, na sesión celebrada o pasado día 30 de xuño de 2014, acordou a adhesión do Concello de Lalín ao **CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DA PROMOCIÓN TURÍSTICA CONXUNTA DOS CONCELLOS DA ÁREA DE SANTIAGO**.

O dito convenio, asinado por dezaseis concellos da área de influencia de Santiago de Compostela, ten como obxectivo a colaboración, coordinación, dirección, xestión, financiamento, organización e funcionamento de xeito compartido da promoción turística conxunta dos concellos asinantes. Trátase de conseguir unha promoción turístico-económica de forma eficaz e eficiente, minorando os custos, e valorizando os recursos dispoñibles, optimizando os recursos preexistentes.

A xestión de actividade obxectivo do convenio é realizada polo Concello de Santiago de Compostela, a través da sociedade pública municipal "*Información e Comunicación Local S.L.*" (*Turismo de Santiago de Compostela*), non supoñendo esta encomenda a cesión da titularidade de competencia nin dos elementos substantivos do exercicio da mesma por parte dos concellos asinantes.

Segundo o disposto na Cláusula Sexta do Convenio: "*Os plenos dos Concellos que pretenden colaborar deberán, no prazo máximo de dous meses, aprobar o correspondente Catálogo de Condicións da promoción turística conxunta, que lle propoñerá a Comisión Mixta*".

Xa que logo o **Pleno da Corporación ACORDOU:**

Aprobar o **CATÁLOGO DE CONDICIÓNS QUE REXERÁN A XESTIÓN COMPARTIDA DA PROMOCIÓN TURÍSTICA CONXUNTA DOS CONCELLOS DA ÁREA DE SANTIAGO**, ao abeiro do **CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DA PROMOCIÓN TURÍSTICA CONXUNTA DOS CONCELLOS DA ÁREA DE SANTIAGO**, aprobado polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o pasado día 30 de xuño de 2014.

7.- EXPEDIENTE DE ADHESIÓN E APROBACIÓN DOS ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN NACIONAL DE MUNICIPIOS AFECTADOS POR AUTOPISTAS E TÚNELES

DE PEAXE.

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta da Alcaldía de data 19 de novembro de 2014. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Relacións Institucionais, Seguridade e Saúde Pública do día 27 de novembro de 2014.

Polo grupo de goberno, o *Sr. Alcalde, D. Xosé Crespo Iglesias*, explicou que a raíz dunha xuntanza en Madrid á que asistiron os alcaldes de Vedra, Valga, Silleda e Lalín, e vicepresidentes de deputacións de varias provinciais de España xurdiu a idea de crear unha asociación que axuntase aos representantes dos concellos que contasen con túneles e autoestradas para abordar e defender unha postura común cara a problemática que se lles plantexa. Todo xurdiu polo problema do rescate das autoestradas de Madrid polo Ministerio de Fomento, que conleva, polo visto, un cambio ou unha exención ou bonificación no pagamento dos impostos que estas empresas abonaban aos Concellos. Polo tanto a idea que late é a de defenderen os intereses comúns, e tomar unha postura conxunta de cara aos problemas destes concellos. O IBI é un dos temas afectados. El aceptou o cargo de Presidente para poñer en marcha a asociación. Cando funcione, deixará a Presidencia. Reiterou que todo xurdiu en Madrid e estes concellos eran os máis afectados.

Polo grupo socialista *D. Manuel María González Aller* indicou que esta idea parecía un “tinglado” máis dos que había. Votarían a favor porque non lles parecía mal a idea e porque os trescentos euros ao ano como cota era significativamente barata. Esperaba que isto tamén servira para reclamar a supresión ou a rebaixa das peaxes da AP-53.

Desde o BNG, *D. Xesús Cordeiro Budiño* adiantou que se abstería. Era un tinglado máis. Lembrou que a autoestrada Lalín a Santiago era a máis cara do Estado.

Polo PGD, *D. Camilo Conde López* afirmou que votaría favorablemente. Era positivo defender os intereses municipais e dos usuarios.

Sometido a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: dezaioito (18), sendo trece (13) do PP, catro (4) do PSDEG-PSOE e un (1) do PGD.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: unha (1) do BNG.

Xa que logo **APROBOUSE** o expediente, segundo a proposta da Alcaldía de data 19 de novembro de 2014, do seguinte tenor:

O pasado día 24 de setembro de 2014 produciuse unha xuntanza en Madrid na que participaron representantes dunha vintena de concellos de toda España co fin de avanzar na constitución da **Asociación Nacional de Municipios afectados por autoestradas e túneles de peaxe**.

O alcalde do Concello de Lalín, xunto con outros alcaldes galegos de distintas cores políticas, en concreto os alcaldes de Silleda, Vedra e Valga, asistiu a dita xuntanza co fin de avanzar na constitución de dita agrupación ante a incerteza que as administracións locais teñen en relación coas autoestradas con respecto ao Ministerio de Fomento.

Nesa xuntanza nomeouse unha xunta directiva que ten por obxecto a posta en marcha da asociación. A directiva está presidida polo Alcalde de Lalín (PP) e ten ao alcalde de Lleida (Partido Socialista de Cataluña) como vicepresidente primeiro, á alcaldesa de Guadarrama (Agrupación popular por Guadarrama) como vicepresidenta segunda, á alcaldesa de Aitona-Lérida (CIU) como secretaria e ao alcalde de Lema-Asturias (IU) como tesoureiro.

A través da constitución da asociación preténdese o fomento e a defensa dos intereses dos municipios integrados en todos os aspectos relacionados coas autoestradas, túneles de peaxe en todas as ordes do dereito, concretamente, de afectación territorial e medioambiental, a defensa da legalidade vixente e do exercicio da autoridade municipal respecto das empresas explotadoras de devanditas instalacións e das mesmas instalacións, promovendo toda clase de accións políticas, administrativas e xurisdiccionais.

Trátase de coordinar e procurar a actividade institucional dos Municipios integrados na Asociación, proporcionando axuda eficaz, asesoramento e servizos aos federados para o mellor cumprimento dos seus fins e o logro de obxectivos comúns e afines, promover a coordinación de solucións aos problemas comúns dos municipios e representar a todos os seus membros nos organismos e institucións públicas e privadas.

Considerando que a defensa dos intereses municipais debe realizarse colectivamente xunto con aqueles concellos que se atopen en situación similar e así, aunando esforzos, podendo obter mellores resultados para a defensa dos intereses xerais do Concello de Lalín e, en definitiva, dos seus veciños **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro: A adhesión do Concello de Lalín á **ASOCIACIÓN NACIONAL DE MUNICIPIOS AFECTADOS POR AUTOESTRADAS E TÚNELES DE PEAXE**, asociación que ten por obxecto a defensa dos intereses dos municipios que contan con autoestradas ou túneles de peaxe no seu territorio.

Segundo: Aprobar os estatutos da ASOCIACIÓN NACIONAL DE MUNICIPIOS AFECTADOS POR AUTOESTRADAS E TÚNELES DE PEAXE, que constan de tres (3) capítulos e de trinta e seis (36) artigos, asumindo o seu contido e as obrigas e compromisos que neles se recollen.

Terceiro: Comprometerse ao pago dunha cota de 300 € para o ano 2014 e ás que, no seu caso, se aproben para os exercicios sucesivos.

Cuarto: Facultar amplamente ao Alcalde-Presidente desta Corporación para a adopción de cantas resolucións e subscricións de documentos necesarios para a formalización e execución deste acordo.

Quinto: Nomear como representante deste Concello ao Alcalde *D. José Crespo Iglesias* para que no seu nome realice cantos trámites e xestións sexan necesarios durante a andaina da asociación, e como suplente a *D. Román Rodríguez González*.

8.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O DÍA DAS LETRAS GALEGAS.-

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta da Alcaldía de data 8 de novembro de 2014. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Políticas Sociais e Actividade Cidadán do día 27 de novembro de 2014.

Polo grupo de goberno, o Sr. Alcalde **D. Xosé Crespo Iglesias** defendeu a proposta. Indicou que había varios dezanos que merecían que se lles dedicase o **Día das Letras Galegas** polos seus méritos e prestixio. En principio había que ter o apoio de tres membros da RAG para debater unha proposta e hoxe só se contaba coa opinión favorable de *Neira Vilas*. Coidaba que *Otero Valenzuela* reunía méritos dabondo. *Varela Buxán*, de Cercio, no eido do teatro reunía cualidades dabondo. A súa avoa paterna era dos Ulloa de Lalín. Escribiu moito sobre o Naranxo. *D. Ramón Aller* tamén ten apoios na Universidade de Santiago. O Concello con estas peticións non quería condicionar a RAG, pero si pedir por estes personaxes do campo literario.

Polo grupo socialista **D. Manuel María González Aller** sinalou que non apoiarían a moción. Non lles parecía serio pedir ao mesmo tempo que se dedicasen tres *Días das Letras Galegas* a tres persoas vencelladas a Lalín. En bloque non parecía lóxico pedilo. O normal sería solicitar por un deles e reclamar apoios para o mesmo, por exemplo para *Otero Valenzuela*, dirixíndose aos concellos da comarca. Houbo de seguido un debate entre este voceiro e o máximo mandatario sobre o acordo a adoptar.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** indicou que si apoiaría os tres

Polo PGD, **D. Camilo Conde López** tamén vía positiva a idea.

Tras deliberación, someteuse a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto a favor de dezanove (19) concelleiros, sendo trece (13) do PP, catro (4) do PSDEG-PSOE, un (1) do BNG e un (1) do PGD, o **Pleno da Corporación APROBOU** a proposta da Alcaldía, de data 8 de novembro de 2014, do seguinte tenor:

No decorrer da historia hai unha manchea de dezaos e de descendentes ou emparentados con estas terras *churruchaas*, que son merecentes de homenaxe pública polos distintos feitos e obras a favor deste pobo e das súas xentes.

Un deses persoeiros que, sen dúbida, contribuíron a dar a coñecer Lalín, a Comarca do Deza e Galicia a través das distintas disciplinas e cometidos que desempeñou ao longo da súa vida foi **D. Ramón de Valenzuela Otero**, cuxos méritos traspasaron incluso fronteiras.

D. RAMÓN DE VALENZUELA OTERO foi un dezano de pro e galego universal que amosou na súa traxectoria vital un compromiso determinante coa terra. Nado hai xustamente 100 anos en Bandeira -o 3 de outubro de 1914-, no Pazo da Viña, mantivo unha estreita vinculación con Lalín e as súas xentes, tal como se reflicte na súa obra, sobre todo, durante a primeira etapa da súa vida, que é cando desenvolve a súa laboura na Comarca do Deza. Descendente dunha familia de fidalgos, a súa avoa por liña paterna era de Lalín, dos Ulloa. Estuda o Bacharelato en Santiago e matricúlase en Dereito no curso 1931/32 e no ano seguinte en Filosofía e Letras. En 1933 ingresa en Pontevedra na Escola Normal, aínda que continúa como alumno libre das facultades de Dereito e Filosofía e Letras. En 1935 comparte pensión con Laxeiro en Pontevedra. Rematados os tres cursos de Maxisterio, é destinado a Vigo sen chegar a exercer a docencia ao estourar a Guerra.

Os seus primeiros escritos datan de 1933, unha serie de "*Cartas a Alfonso d'Outeiro*"

asinadas como Ramón da Viña e aparecidas no periódico local “Razón” onde, segundo o escritor *Avelino Pousa Antelo*, coetáneo do autor, colaboraban os mellores periodistas do Deza naqueles anos.

Tamén nesta publicación lalinense publica a súa primeira obra literaria, “*O billete de ida e volta*”. Da mesma época son os contos que narra nos anos 1934 e 1935 en Radio Pontevedra, co pseudónimo de *Pepe dos Cestos* e tamén en teatros e festivais. En Lalín consta que actuou no Casino en novembro de 1934, acompañado do coro *Airiños do Ulla*.

No 1932 crea o *Grupo Galeguista de Abades* baixo a dirección de Ramón Amigo Quintela, organizando un amplo despregue de actividades nas parroquias. Un grupo que chegou a ter en 1936 uns oitenta militantes, na súa maioría labregos, incorporando mesmo algunhas *mulleres*.

Esta querenza pola terra que o viu nacer amósase na “*Pelingrinaxe ao Candán*” na que participa en agosto de 1933, xunto con Otero Pedrayo, Risco, Suárez Picallo, Alonso Ríos e Blanco Amor, no que foi un acto de afirmación galeguista que se desenvolveu nesta paraxe natural que é a Serra do Candán.

En 1934 é elixido pola Asemblea do Partido Galeguista conselleiro en representación da zona Lalín-A Estrada, ocupándose de organizar aos galeguistas na Comarca. Nese mesmo ano constitúese o Grupo Lalín no que se inscribe José Otero Abeledo “Laxeiro”, que actuaba como bibliotecario; ao ano seguinte incorporáronse a esta Asemblea o mestre **Xesús Golmar e Enrique Abascal**, entre outros intelectuais e colaboradores da prensa local. A **Valenzuela** tamén se debe que Castelao participase nun mitin en Lalín o 1 de setembro de 1935. Excelente orador, *Ramón de Valenzuela* colabora tamén co Seminario de Estudos Galegos, na sección de Etnografía e Folclore.

En 1928 os membros do Seminario iniciaron unha campaña de investigación na Terra do Deza que remataría en 1935. O obxectivo era facer un estudo da Comarca; pero pouco traballo se salvou.

Valenzuela publicou na revista “*Galicia Emigrante*” no número de outubro de 1955 un artigo co título de “**Lalín**”, que constitúe unha atinada descrición de Lalín e Comarca, escenario **onde se desenvolve gran parte da súa obra literaria que transmite unha auténtica conexión coa Comarca**.

Entre os moitos pseudónimos que utilizou destaca o de “*Xan de Deza*”, que fai referencia precisamente ao escenario principal das súas creacións.

No devandito artigo de “*Galicia Emigrante*” escribe:

Lalín está no centro de Galiza, recostado no río de Deza que nace e morre nel. Recostado porque respira mainamente un descanso de séculos na calma salomónica das súas lembranzas (...).

Lalín tivo homes no pasado que o fixeron soado, pero tamén os ten no presente. O matemático de Bermés, D. Xosé Rodríguez no século pasado e D. Ramón Aller nos nosos días son dous astrónomos admirados polo mundo científico de tódolos continentes. Os grandes pintores Laxeiro e Colmeiro que temos agora no campo da arte.

Así é Lalín, con nada menos que nove bandas de música, integrada cada unha delas por máis de 25 membros. Con infinidade de romaxes importantes, das que algunha, como o Corpiño ou a Saleta de Sador, meten milleiros de xentes durante tres días arreo.

Así é Lalín con 10 feiras cada mes, en cuxas feiras se resume nun día a vida aldeá da comarca. Porque as feiras son algo máis que vendas e mercas de gandos e froitos, con agudezas de labregos e dinámica de feirantes; algo máis que policromía de tendas improvisadas debaixo dun carballo, que ulido de cubertos que nos convidan con polbo, sardiñas cabezudas e postas de bacallau, regadas co mellor viño do Ribeiro de Avia.

A feira é a posta en contacto da economía cerrada parroquial co mundo de fóra. É o engarce de cada parroquia nese conxunto comarcal, belido e creador.

As festas e as feiras de Lalín son expansións colectivas, que nos dan a ver un sitio en que os homes saben vivir no sorriso por enriba do ben e do mal.

Proba da pegada lalinense na obra de **Valenzuela** é a aparición do personaxe, existente na realidade local, de "**O Naranxo**", en moitas pasaxes dos seus relatos. Practicamente non hai obra de *Valenzuela* na que "**O Naranxo**" non estea presente. Na súa novela "*Non agardei por ninguén*", publicada en Citania en 1957, inclúe un capítulo sobre a voda do *Naranxo* coa filla do notario. Tamén en "*Galicia Emigrante*" se poden ler catro contos seus editados en galego, un deles tamén sobre "**O Naranxo**", con ilustracións de Laxeiro e Seoane.

Na capital bonaerense onde emigra coa súa dona D^a. *María Victoria Villaverde* en 1945 desenvolve un amplo labor político e cultural chegando a colaborar como secretario de Castelao.

Exerce tamén a crítica literaria no periódico "*La Gaceta de Tucumán*" onde publica algúns contos ilustrados por Laxeiro.

Retorna en 1966 e instálase en Madrid onde traballa como mestre no Colexio Cisneros e ensina Xeografía e Historia no Círculo de Estudos Gallegos que funciona no Club de Amigos da Unesco (CAUM), onde volve reencontrarse con Laxeiro, ademais de con outras figuras da intelectualidade como **Ben-Cho-Sey**, proseguindo a súa actividade cultural e a súa vocación docente que sempre o acompañou.

Ramón de Valenzuela tivo omnipresente ao "**Naranxo**" na súa obra. A súa inclinación polo Naranxo plásmase no libro de relatos "**O Naranxo**" editado en 1974 polo grupo Brais Pintos, e nos que reflicte o amor por Lalín e O Deza. Compila en total 12 relatos que falan de temores e xiran arredor de lugares máximos e castelos encantados cos títulos "*A Torre de Don Ramiro*", "*O Castelo de Cira*", "*O carballo grande*", "*Meu amigo Daniel*", "*Carmela da Grotta*" e "*Pepe do Brabil*". Os restantes falan da realidade dun mundo inxusto que chega a obsesionar aos seus protagonistas. Son: "**O Naranxo**", "*Don Andrés o millonario*", "*Meu tío Queitano*", "*O Ciclón*", "*A esperanza de Rosende*" e "*Manoel, o dos cans*".

No ano da súa morte, 1980, publica a súa segunda novela "*Era tempo de apandar*" cun gran protagonismo tamén para "**O Naranxo**", unha novela autobiográfica dun home descendente de lalinenses, deza e galego universal que glosou ao *Naranxo* (un tolo, Rei do mundo, que repartía millóns e trillóns polas parroquias en forma de anacos de papel de periódico) -que marcaría o imaxinario doutro insigne lalinense, "*Laxeiro*"-, a Lalín e Comarca, convencido de quen honra a súa terra se honra a si mesmo. Isto é, así como a Laxeiro lle debemos a recreación plástica do *Naranxo*, a **Otero Valenzuela**, tamén lle debemos a recreación literaria.

Por ese compromiso vital determinante coa terra que amosou ao longo de toda a súa vida -tanto antes de emigrar a Bos Aires, como durante a súa etapa bonaerense, como á súa volta- considérase a **Ramón de Valenzuela** digno para que se lle dedique un "**Día das Letras Galegas**".

Por todas estas razóns expostas nas que se reflicte un especial vínculo de **Ramón de Valenzuela** con Lalín, coa Comarca do Deza, e tamén unha especial dedicación a Galicia e ás Letras Galegas, desde o Concello de Lalín entendemos que este persoeiro é merecente do recoñecemento do pobo lalinense e de todos os galegos.

Polo exposto, o Pleno da Corporación Municipal **ACORDOU**:

Primeiro.- Solicitar á Real Academia Galega (RAG) que teña a ben estudar a posible dedicatoria do “**Día das Letras Galegas**” nun dos anos vindeiros a **D. Ramón Valenzuela Otero** e, de ser posible canto antes, xa que entendemos que ten méritos para este recoñecemento.

Segundo.- Solicitar o apoio dos Concellos da comarca de Deza que desexen adherirse a esta causa.

9.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O LUGAR DE CELEBRACIÓN DOS MATRIMONIOS CIVÍS.-

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta da Alcaldía de data 20 de novembro de 2014. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Relacións, Institucionais, Seguridade e Saúde Pública do día 27 de novembro de 2014.

Polo grupo de goberno, o *Sr. Alcalde D. Xosé Crespo Iglesias*, explicou de que se trataba, de engadir o Pazo de Liñares ao edificio do Concello como lugar de celebración de matrimonios civís cando os contraentes decidan celebralo neste Concello.

Polo grupo socialista **D. Manuel María González Aller** adiantou o voto favorable.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** tamén dixo que votaría afirmativamente.

Polo PGD, **D. Camilo Conde López** apoiaríala a iniciativa.

Sometido a votación ordinaria o expediente e a proposta da Alcaldía, mediante o sistema de man alzada, **por UNANIMIDADE dos asistentes, co voto a favor de dezanove (19) concelleiros, sendo trece (13) do PP, catro (4) do PSDEG-PSOE, un (1) do BNG e un (1) do PGD, o Pleno da Corporación APROBOU a proposta da Alcaldía, de data 8 de novembro de 2014, do seguinte tenor:**

A tenor do disposto no artigo 51.1 do Código Civil, tras a reforma operada pola Lei 35/1994, 23 decembro («B.O.E.» 24 decembro), de modificación do Código Civil en materia de autorización do matrimonio civil polos Alcaldes:

“Será competente para autorizar o matrimonio:

1.º O Xuíz encargado do Rexistro Civil e o Alcalde do municipio onde se celebre o matrimonio ou concelleiro en quen este delegue.”

Así mesmo, o artigo 57 establece que:

“O matrimonio deberá celebrarse ante o Xuíz, Alcalde ou funcionario correspondente ao domicilio de calquera dos contraentes y dúas testemuñas maiores de idade”.

De igual xeito os artigos 238 e seguintes do Decreto de 14 de novembro de 1958, polo que se aproba o Regulamento para a aplicación da Lei do Rexistro Civil regulan a celebración do matrimonio civil polos Alcaldes.

En relación co lugar de celebración dos matrimonios civís, nos casos en que os contraentes manifesten a súa vontade de que a autorización do matrimonio se celebre polo Alcalde, a Instrución de 26 de xaneiro de 1995 da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado

limitábase a establecer na súa directriz segunda que o Alcalde, á vista da relación dos datos relativos aos contraentes remitidos polo órgano rexistral que instruíu o expediente previo, **«fixará día e hora para a cerimonia, a cal deberá celebrarse no local do Concello debidamente habilitado para este fin».**

No mesmo senso, a *Instrución de 28 de novembro de 1985*, previa á reforma introducida pola citada Lei 35/1994, dispoñía en parecidos términos que: *«O acto [do matrimonio] haberase de celebrar precisamente no local do Concello que previamente sexa habilitado a este fin».*

A mesma Instrución prevía a posibilidade de que o matrimonio fose autorizado *«non só na propia Oficina do Rexistro, senón tamén noutro local do Concello especialmente habilitado a estes fins e o cal terá a consideración de Oficina Rexistral aos exclusivos efectos da celebración do matrimonios».*

Posteriormente, a Instrución de 10 de xaneiro de 2013 da mesma Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, sobre o lugar de celebración de matrimonios civís polos alcaldes establece que:

“As circunstancias sociais cambiaron dende 1995, e dado que as esixencias legais non exclúen a posibilidade de que os matrimonios civís autorizados por Alcaldes e Concelleiros teñan lugar noutros locais distintos dos que sexan previamente habilitados, parece conveniente ao amparo da liberdade permitida pola nosa lexislación non manter ditas limitacións. O esencial é que o Concello, a través dos órganos competentes, de acordo co determinado pola lexislación de réxime local, se asegure de que os locais onde se vaia a autorizar o matrimonio reúnan as condicións adecuadas de decoro e funcionalidade, en atención ás circunstancias de cada municipio, de forma que os mesmos resulten aptos a fin de permitir celebrar os matrimonios que deban ser autorizados polos respectivos Alcaldes ou Concelleiros”.

Ata o de agora o celebración de matrimonios civís celebrados polo Alcalde ou Concelleiros do Concello de Lalín víñase realizando de xeito exclusivo no Salón de Plenos da casa consistorial.

Sendo es espazo moi demandando debido á singularidade da súa forma e deseño, vense apreciando nos últimos meses o interese que suscita entre moitas parellas a posibilidade da celebración deste tipo de actos no Pazo de Liñares, inmobile de titularidade municipal recentemente rehabilitado e inaugurado, ao converterse nun escenario incomparable para un momento tan importante nas súas vidas como é a do día do seu casamento.

A ampla historia que contempla tanto o edificio coma os salóns que o conforman, unha coidada restauración das súas estancias, un marco paisaxístico incomparable e uns xardíns espectaculares para a toma de documentos gráficos dese día e tamén as facilidades de estacionamento para invitados, converten ao Pazo de Liñares nun marco incomparable para a celebración de vodas civís.

Moitos dos atractivos que converteron á nova consistorial en marco idóneo e singular para a celebración destes eventos concorren tamén no Pazo de Liñares, ao que se suman a historia e o fermoso enclave que este ocupa para que os lalinenses que o desexen poidan utilizalo para a celebración do seu compromiso civil.

Polo tanto considérase que, xunto coa casa consistorial (Castro Tecnolóxico), o Pazo de Liñares sería un espazo axeitado para a celebración de matrimonios civís xa que reúne as

condicións adecuadas de decoro e funcionalidade para elo.

En base ao anteriormente exposto o **Pleno da Corporación ACORDOU:**

Habilitar o Pazo de Liñares, inmovible de titularidade municipal, como lugar para a celebración de matrimonios civís, xunto coa Casa Consistorial (Castro Tecnolóxico), cando estes sexan celebrados polo Alcalde ou Concelleiro no que delegue.

10.- PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA SOLICITAR UNHA UNIDADE DE ESTRANXEIRÍA E DOCUMENTACIÓN.

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta da Alcaldía de data 21 de novembro de 2014. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Relacións, Institucionais, Seguridade e Saúde Pública do día 27 de novembro de 2014.

A Comarca de Deza, comarca que se corresponde cun único partido xudicial e que se atopa emprazada no centro xeográfico de Galicia, está formada por seis termos municipais (Lalín, Silleda, Vila de Cruces, Agolada, Rodeiro e Dozón) conta cunha poboación que supera os 45.000 habitantes, que chegan a preto de 60.000, se temos en conta que Lalín, o municipio que exerce a capitalidade, que concentra o conxunto dos servizos e conta con dous centros comerciais que atraen a numerosos veciños de concellos limítrofes fóra da nosa Comarca que fan vida con Lalín.

A situación xeográfica da nosa comarca, a distancia da capital da nosa provincia, a máis de 80 quilómetros, supón que na área de influencia que se denomina comarca natural se incrementa considerablemente a poboación, sendo un importante centro de servizos para o conxunto desta.

A base de economía comarca é o sector primario e *pemes*, concentrándose nos meses de setembro a decembro o maior número de contratacións. Polo tanto, é nesta época na que se produce un maior número de expedientes relacionados cos permisos de residencia e traballo, tanto para os cidadáns da Unión Europea como para os non comunitarios.

Para garantir ao conxunto dos cidadáns a igualdade en dereitos e oportunidades faise necesario que as administracións acheguen o maior número de servizos ao medio rural, como unha maneira de asentar poboación no territorio, máxime coa particularidade de que no noso atopamos un criterio caracterizado pola dispersión da súa poboación en numerosos núcleos (aldeas) e polo seu endémico envellecemento. Isto fai que resulte especialmente gravoso, ao ter que desprazarse á capital da provincia (Pontevedra), coa que nos unen vías de comunicación manifestamente mellorables, e sen que se dispoña tampouco duns axeitados servizos públicos de transporte.

O Concello de Lalín, consciente da importancia dun sector económico que contribúe á creación de emprego entre colectivos de cidadáns non españois tanto comunitarios como non comunitarios entende que é necesario facilitar os trámites da documentación relacionada con estranxeiros, e por iso vén realizando xestións coa Subdelegación de Goberno en Pontevedra para poder implantar unha Unidade Operativa de Documentación.

Para este fin, considérase interesante que a localización da mesma resida en Lalín, centro neuráxico de servizos de distintas administracións, tanto da local como da autonómica, vertebrando así a cidade como punto de afluencia da Comarca de Deza.

O lugar proposto por esta Alcaldía é a Casa Consistorial nun espazo situado ao lado das dependencias da Policía Local, polo tema de centralización de servizos e de facelos máis fáciles e accesibles aos nosos veciños. O dito inmovible é un ben de dominio público municipal, ben de servizo público, tal e como o define o artigo 4 do *Reglamento de Bienes y Servicios de las Entidades Locales, de 13 de junio de 1986, aprobado por Real Decreto 1372*.

O espazo a ocupar ten unha superficie de 86 metros cadrados. O dito local estaría ao lado das dependencias da Policía Local, o que facilitará a coordinación e implantación da Unidade de Documentación e reordenación do resto de dependencias municipais na planta baixa da Casa Consistorial. Ademais a existencia ao lado da dita Unidade das dependencias da Policía Local asegura a vixilancia e a custodia de todos os servizos alí emprazados.

Sometida a votación ordinaria a proposta, polo sistema de man alzada, o **Pleno da Corporación por UNANIMIDADE dos asistentes, co voto a favor de dezanove (19) concelleiros, sendo trece (13) do PP, catro (4) do PSDEG-PSOE, un (1) do BNG e un (1) do PGD, ACORDOU:**

PRIMEIRO: Solicitar á *Dirección General de la Policía-Ministerio del Interior*, a implantación en Lalín dunha Unidade Integral de Documentación, para a obtención/renovación do Documento Nacional de Identidade, Pasaporte, documentación de estranxeiros e actividades relacionadas.

SEGUNDO: No suposto de que se conceda a antedita Unidade a Lalín, este Concello comprométese a:

- Tramitar o expediente de mutación demanial (desafectación deste espazo ao uso de Casa do Concello e afectación ao fin de instalación da unidade indicada e prestación do servizo sinalado) do espazo de oficinas que ocupará a dita Unidade, de corenta e un metros cadrados (41 m²), máis o uso compartido cos servizos municipais (Policía Local e servizos de Emprego) dunha sala de espera de corenta e cinco metros (45 m²) na planta baixa da Casa do Concello.

- A ceder o uso do dito local á *Dirección General de la Policía, Administración Civil del Estado*, por un prazo de 15 anos, prorrogables por outros 15, inicialmente, sempre que se manteñan os servizos aos que se destinan.

- A custear os gastos correspondentes ás obras de adecuación do espazo, ás actuacións necesarias para a redacción dos estudos e proxectos, dirección técnicas das mesmas e licenzas de obras, legalización das instalacións e a documentación necesaria para obtención da licenza de actividade e no seu caso, a contratación de obras e subministracións, e a adquisición de mobiliario e material informático para a posta en funcionamento da Unidade.

Todo isto de acordo cos informes de Servizos Técnicos de Arquitectura do Corpo Nacional de Policía.

Será de conta da *Dirección General de la Policía* a achega dos recursos humanos e materiais específicos para o funcionamento da dita Unidade.

CUARTO: Facultar ao Sr. Alcalde para a sinatura de cantos actos, documentos e negocios xurídicos sexan preciso para a execución do presente acordo.

QUINTO: Dar traslado do presente acordo á *Dirección General de la Policía del*

Ministerio de Interior, á Subdelegación do Goberno en Pontevedra, así como aos departamentos municipais directamente relacionados, aos efectos oportunos.

11.- MOCIÓN CONXUNTA DO PSDEG-PSOE, BNG E PGD SOBRE A FRAGA DE CASAS VELLAS.-

A Presidencia deu conta desta moción de data 24 de novembro de 2014 e rexistro de entrada do mesmo día co número 7290. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Acondicionamento e Planificación Territorial do día 27 de novembro de 2014.

Faise constar que esta moción dos tres grupos subsume a previa e conta coa retirada previa da moción do BNG sobre este mesmo tema. Na sesión da Comisión Informativa o dito grupo acordou que se retirase a mesma e quedase incluída nesta moción conxunta.

Polo grupo socialista **D. Francisco Pérez Donsión** explicou brevemente o contido da moción conxunta. Como era coñecido por todos xurdía a raíz da obra que Unión Fenosa pretendía acometer de traer unha LAT (liña de alta tensión) desde O Irixo (Ourense) ata Lalín pra reforzar e garantir o subministro de enerxía eléctrica. Isto faise pola zona da fraga de Casas Vellas, na superficie.

Coa moción preténdese evitar que haxa danos e prexuízos para toda esta zona, polo seu valor elevado ecolóxico e ambiental, xa que conta con árbores singulares e únicos, e que se protexa a mesma. Para elo, a empresa que vai acometer as obras tería que soterrar a liña.

Tendo en conta que despois de moitas xestións e acontecementos non se conseguiu esta demanda, se presentaba agora esa moción.

De seguido leu os tres puntos da parte dispositiva da moción, que inclúe esa demanda de soterramento da liña de alta tensión, a promoción deste lugar como espazo natural protexido, expediente a tramitar e que culminaría cunha declaración formal da Comunidade Autónoma, ao abeiro da normativa que regula estes lugares protexidos.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** coincidía co anterior voceiro e insistiu no feito de salvagardar as árbores senlleiras que se atopan neste lugar, próximos á Fraga de Catasós, nun entorno xa castigado polas obras da autoestrada.

Reivindicou o soterramento da liña como a solución que había que dar a este problema, e ás respostas da empresa Unión Fenosa que non ían nesta dirección.

Polo PGD, **D. Camilo Conde López** tamén dixo coincidir cos dous voceiros anteriores. Había que rexeitar esta obra tal e como se pretendía acometer.

Polo grupo de goberno **D. Román Rodríguez González** deu en primeiro lugar a benvinda aos membros da plataforma en defensa desa Fraga de Casas Vellas.

Logo, na defensa do tema afirmou que neste tema había dúas cuestións a debater: unha a defensa dos veciños que dependen do subministro enerxético, e os dos veciños desta parroquia de casas Vellas. Quería deixar claro que o Concello non defende a Unión Fenosa. Tiña que compaxinar os seus intereses cos dos veciños e negociar coa empresa; en segundo lugar coíndaba que había que protexer o arborado autóctono.

Era certo que a liña viña do encoro de Belesar fallaba e que ás veces había cortes de subministro que ocasionaban danos ás empresas e aos propios veciños.

Había unha proposta que lle trasladou a Unión Fenosa de talar só seis árbores e elevar a liña uns 35 metros.

A plataforma en defensa desta fraga e a oposición política deste concello din que non a esta iniciativa. Pretenden que se acometa o soterramento desta liña que atravesaría tres núcleos de poboación.

“Nós, como grupo de goberno, queremos e debemos compaxinar ambos intereses”, afirmou. Lembrou que no Parlamento de Galicia houbo xestións e fíxose unha transacción que foi rexeitada finalmente.

Leu de seguido unha proposta na que se incluían tres peticións: a primeira para dirixirse a Unión Fenosa para que non empece ou suspenda os traballos; a segunda, solicitar o borrador de convenio en garantía de non talar as árbores; e en terceiro lugar solicitar informes técnicos e ambientais sobre a declaración de ENIL (espazo natural de especial protección) para a zona, e ver se procede ou non.

De novo no uso da palabra o voceiro socialista para ese tema **D. Francisco Pérez Donsión** preguntou se se ía cambiar o trazado da liña de alta tensión. Si é así: *¿por onde?* preguntou. O problema que había para modificar a obra e o trazado era eminentemente económico, de custo, de levala pola superficie ou de soterrala. Era un custo importante.

O Sr. Alcalde, **D. Xosé Crespo Iglesias**, afirmou que el e o goberno municipal non descartaban solicitar e tramitar a declaración de ENIL para este espazo; pero tamén explicou que para facer isto, antes tiña que falar cos veciños afectados polos posibles cambios que houbera no trazado desta LAT.

Indicou que o problema estaba en garantir o subministro aos veciños de Lalín e en protexer o intereses ecolóxico desta zona.

Lembrou que desde o ano 2002 o Concello de Lalín e o Concello de A Estrada teñen o subministro en punta, son os únicos que teñen esta modalidade de subministro, que ven de lonxe e que hai que modernizar pra garantir o subministro.

Agora e desde aquela, e tras os cortes no subministro que houbo en Lalín, Unión Fenosa atendeu os requirimentos e accedeu a reforzar as liñas e a garantir o mesmo. Para elo tramitou o expediente desta LAT desde O Irixo ata Lalín. O problema estaba en que agora este expediente e o seu trazado cumpría a lei e quérese modificar. Hai que ver as oposición a esta obra e o que pode suceder.

De seguido houbo un debate entre todos os voceiros sobre este tema.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de dezanove (19) concelleiros, sendo trece (13) do PP, catro (4) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG e un (1) do PGD, **APROBOUSE** a moción e a emenda, e adoptouse o seguinte acordo:

A lei 9/2001 de conservación da natureza define con carácter xeral no seu título I os espazos naturais que deben considerarse dunha especial protección, establecendo as súas distintas categorías e regulando o seu procedemento de declaración. Dita lei prevé oito categorías de espazos naturais protexidos, entre eles a figura do **espazo natural de interese local (ENIL)**, e consolida a competencia da Consellería de Medio Ambiente para propoñer, xunto coas entidades locais, as normas de protección destes espazos.

O procedemento iníciase a instancia de parte, neste caso o Concello, correspondéndolle á consellería a tramitación do procedemento e a súa resolución mediante Orde, previo informe da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.

Así mesmo, o **DECRETO 124/2005, de 6 de maio**, polo que se regula, en desenvolvemento da lei anterior, a figura de **espazo natural de interese local**, prevé no seu artigo 4 o seguinte:

“Con objeto de asegurar la salvaguarda de los valores naturales de un espacio, la Consellería de Medio Ambiente **podrá declarar provisionalmente protegidos los espacios naturales de interés local o de interés privado por un plazo no superior a dos años.** Durante este plazo, y como requisito imprescindible para que se produzca la declaración definitiva, el promotor deberá presentar el plan de conservación del espacio a la Consellería de Medio Ambiente quien dispondrá de tres meses para resolver sobre la aprobación de dicho plan. La no aprobación de dicho plan de conservación o el incumplimiento de los plazos anteriores supondrá la pérdida de condición de espacio provisionalmente protegido, por entender desistido de su pretensión al promotor.”

A ningúen que teña un mínimo de conciencia medio ambiental e de coñecemento da fraga de Casa Vellas, se lle escapa a necesidade de protexer e conservar esta singular unidade paisaxística, por certo seriamente ameazada nestes momentos por unha liña eléctrica que podería perfectamente terse proxectado soterrada a través da N-525, sen ningún tipo de afección medio ambiental nin de ningún outro tipo.

Por todo elo, o **Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- Dirixirse á empresa Gas Natural-Fenosa para que non comence e suspenda os traballos do *trazado da LAT Irixo-Lalín* no entorno da carballeira de Casas Vellas (Catasós), ata que estean avaliadas desde unha perspectiva técnica e medioambiental as posibles alternativas para o trazado ou variación de dita liña, a fin de minimizar a súa incidencia ambiental.

Segundo. - Solicitar de Gas Natural-Fenosa o borrador do convenio no que se fixen as garantías de non talar as árbores autóctonas que quedarían por debaixo da liña, nunha hipotética sobreelevación do cableado.

Terceiro.- Solicitar informes técnicos e ambientais sobre a delimitación e alcance da declaración de ENIL para dito entorno, así como manter reunións veciñais a fin de avaliar a oportunidade da mesma.

12.- MOCIÓN DO PSDEG-PSOE SOBRE O SECTOR AGROGANDEIRO.-

A Presidencia deu conta desta moción de data 24 de novembro de 2014 e rexistro de entrada do mesmo día co número 7291. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Políticas Sociais e Actividade Cidadán do día 27 de novembro de 2014.

Polo grupo socialista **D. Manuel María González Aller** explicou o contido da moción, dando lectura á parte dispositiva da mesma.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** coincidía tamén coa moción. O sector agrogandeiro era extraordinariamente importante. Lalín era o primeiro concello produtor de leite. Agora que o ano que ven suprimiranse as cotas lácteas había que adoptar as medidas necesarias. Por elo a moción era positiva. Había que establecer uns prezos mínimos para o leite e adoptar medidas para unha racionalización e explotación das terras.

Polo PGD, **D. Camilo Conde López** destacou a importancia que tiña o sector lácteo en Galicia e en Lalín. Era necesario tomar medidas e fortalecer os mecanismos para que este sector siga sendo produtivo en Galicia.

Polo grupo de goberno, **D. Xosé Crespo Iglesias**, indicou que na Deputación Provincial veuse tamén esta moción. Alí tras negociar, acordouse efectuar unha transacción cun acordo que contemplaba os puntos 1, 3 e 4 pero eliminaba os puntos 1 e 3. O 2 non, e a transaccións era importante. Aquí na moción o punto c) quitaríase, o d) quitaríase, e o resto aprobaríase.

Previa renuncia á moción presentada, e sometida a votación ordinaria a proposta transaccional dos tres grupos políticos, mediante o sistema de man alzada, **por UNANIMIDADE dos asistentes, co voto a favor de dezanove (19) concelleiros, sendo trece (13) do PP, catro (4) do PSDEG-PSOE, un (1) do BNG e un (1) do PGD, o Pleno da Corporación ACORDOU:**

- Requirir ó Presidente da Xunta de Galicia que lidere ante o Goberno do Estado a posta en marcha de medidas verdadeiramente eficaces para permitir que as explotacións galegas poidan sobrevivir ante a inminente desaparición do sistema de cotas lácteas en abril de 2015.

- Instar ó Goberno Galego para que reclame ó Goberno do Estado a modificación do Real Decreto 1363/2012 do 28 de setembro, polo que se regula o recoñecemento das organizacións de produtores de leite e das organizacións interprofesionais no sector lácteo e se establecen as súas condicións de contratación, estableza as seguintes cuestións:

Continuar co traballo desenvolvido a prol da mellora das ferramentas normativas e económicas que aseguren unha fortaleza negociadora e unha axeitada construción de prezos no sector gandeiro, forestal e agrario con especial incidencia na consolidación da que atinxe ó chamado “paquete lácteo”.

Culminar o proceso de dotación dos elementos normativos e orzamentarios que leven a reforzar a competitividade e sostibilidade do sector lácteo diante do escenario do final das cotas da produción, nomeadamente coa aprobación da Lei Mellora de Estrutura Territorial e Agraria e coa posta en marcha do novo Programa de Desenvolvemento Rural 2014-2020.

a) A duración dos contratos nos que interveñan como subministrador un gandeiro terá unha duración mínima de 12 meses. Unicamente se autorizarán contratos cunha duración inferior en casos excepcionais debidamente xustificadas, por exemplo, por xubilación do gandeiro.

b) O volume que debe ser subministrado polo produtor será igual ó volume entregado nos 12 meses anteriores á data de entrada en vigor do contrato cunha tolerancia entre un 5 e un 10%.

c) A creación da figura do mediador dos contratos lácteos, con carácter independente, que poida intervir en caso de conflito nas negociacións dos contratos por parte das organizacións de produtores ou das asociacións de organizacións de produtores de leite recoñecidas no nome dos seus membros.

d) Que a citada modificación do R.D. 1363/2012, sexa publicada no mes de decembro, de xeito que estea vixente para a renovación dos contratos de comezos do ano 2015.

- Solicitar ó Goberno Galego a adopción das seguintes medidas de apoio ó sector lácteo:

a) Mobilización de terras agrarias para incrementar a superficie agraria útil das explotacións co obxectivo de incorporar 400.000 hectáreas no ano 2015, vixiar e prohibir as

plantacións forestais en terras agrarias.

b) Apoio institucional e económico ó proceso de concentración de industria lácteas.

- Trasladar á Xunta de Galicia e ó Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente o acordo alcanzado polo Pleno.

13.- MOCIÓN DO PGD SOBRE O RURAL.-

A Presidencia deu conta desta moción de data 24 de novembro de 2014 e rexistro de entrada do día 25 de novembro co número 7313. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Acondicionamento e Planificación Territorial do día 27 de novembro de 2014.

Polo PGD, **D. Camilo Conde López**, tras intervir brevemente, retirou a moción do seu propoñente, e converteuse nun rogo.

14.- ROGOS E PREGUNTAS.-

14.1.- ROGOS.

Presentados de xeito verbal durante a sesión.

PSdeG-PSOE

D. Manuel María González Aller.

ROGO.- Reclama que se controle o acendido e apagado do alumeado público na zona que vai desde a rotonda de Cruces ata a rotonda de Carmoega, e na zona das antigas fábricas de *Florentino*, xa que non hai unha soa luz polas noites e non se vé nada.

O Sr. Alcalde-Presidente, D. Xosé Crespo Iglesias, responde no sentido de que dará traslado disto ao concelleiro delegado deste servizo de alumeado público, e indica que nesa zona non había moita luz, tamén houbo roubos de cable neste servizo, e esperaba enterarse desta situación para poder actuar en consecuencia.

PGD

D. Camilo Conde López.

1.- ROGO.-Tendo coñecemento de que se están a realizar arranxos en estradas e pistas do rural, co fin de poder acadar unha maior eficacia e obxectividade, motivo polo que SOLICITA:

- A creación dunha comisión que permita levar a cabo unha comprobación previa *"in situ"* do estado de conservación en que se atopan. Consideramos que dita comisión ten que estar conformada por membros dos diferentes partidos con representación nesta corporación, ademáis dos técnicos correspondentes.

O obxectivo sería vixiar e informar con maior detalle do estado en que se encontran, o que permitiría diferenciar o seu adecuamento en función das prioridades que ditamine dita comisión. Sabemos a limitación dos recursos; máis nos preocupa que durante os primeiros anos da legislatura, numerosas pistas se manteñan en condicións de abandono e perigosidade polo

seu estado, mentres no derradeiro ano de lexislatura de xeito cando menos curioso, algunhas pistas de núcleos parroquiais máis poboados son arranxadas e outras non, feito que non pasaría de existir a comisión solicitada.

Confiamos en que se acceda a esta petición, pois nos esquecemos que este grupo de goberno propuxo, non fai moito tempo, un goberno de concentración para Lalín. Pois é obxectivo desta comisión un maior consenso de datos e detalles que propicie un criterio máis axeitado, e que redunde en beneficio dos veciños deste Concello, sen que supoña custo algún por parte dos seus compoñentes.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

2.- ROGO.- Indica que nos accesos ao hipermercado Eroski, no SUE-3, CN-640 hai un paso de peóns con certo perigo, porque as veces os vehículos veñen lanzados por esta vía en dirección a Lalín e ao chegaren a esta rotonda non teñen tempo para deterse. Pide que se estude esta situación e se tomen as medidas correspondentes.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

14.2.- PREGUNTAS.

Non houbo.

E non habendo outros asuntos que trataren, no mesmo lugar e mesmo día onde comezou a sesión, de orde do Sr. Presidente levantouse a sesión, sendo as quince horas e cinco minutos.